



DEREITOS E DEBERES DO PACIENTE

GALLEGO

Derechos del paciente

Toda persoa que acode a un Centro Hospitalario en demanda de Atención Médica debe coñecer os Deberes que a obrigan no momento de solicitar a devandita atención.

HOSPITAL POVISA, Sociedade Anónima, en cumprimento da Lei 14/86 Xeral de Sanidade, Lei Galega 3/2001 sobre o Consentimento Informado e a Historia Clínica, así como da Lei 3/2005 que a modifica, da Lei Estatal 41/2002 do Consentimento Informado e da Historia Clínica e da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia, e Regulamento 2016/679, de 27 de abril, Xeral de Protección de Datos, infórmao sobre os dereitos e deberes do paciente que acode a este Hospital, e que veñen recollidos nas Disposicións que se citan.

- Respecto a súa personalidade, dignidade humana e intimidade.
- Información sobre os servizos sanitarios, aos que pode acceder e sobre os requisitos necesarios para o seu uso.
- Confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso e coa súa estadía nas institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.
- Advertiráselle de que os procedementos de prognóstico, diagnóstico e terapéuticos que se lle apliquen, poderán utilizarse en función dun proxecto docente ou de investigación, que en ningún caso poderá comportar perigo adicional para a súa saúde.
- A que se lle asigne un médico, cuxo nome se lle dará a coñecer, que será o seu interlocutor principal co equipo asistencial. En caso de ausencia, outro facultativo do equipo asumirá tal responsabilidade.
- A utilizar as vías de reclamación e de proposta de suxestións nos prazos previstos. Nun ou outro caso recibirá resposta por escrito nos prazos que regulamentariamente se establezan.

- Á libre elección de médico e os demais sanitarios titulados, de conformidade coas condicións previstas na lexislación sanitaria vixente.
- A que se lle subministren os medicamentos ou produtos sanitarios que se consideren necesarios para promover, conservar ou restablecer a súa saúde, nos termos que regulamentariamente se establezan pola Administración do Estado ou Autonómica.
- A decidir libremente, despois de recibir a información axeitada, entre as opcións clínicas ispoñibles e a negarse ao tratamento agás nos casos determinados na Lei, debendo facer constar a devandita negativa por escrito.
- A coñecer con motivo de calquera actuación no ámbito da súa saúde, toda a información dispoñible sobre esta, agás os supostos exceptuados pola Lei e a que se lle respecte o dereito a non ser informado.
- O dereito á información sanitaria descrita no punto anterior, pode limitarse pola existencia acreditada dun estado de necesidade terapéutica. Entenderase por necesidade terapéutica a facultade do médico para actuar profesionalmente sen informar antes o paciente cando por razóns obxectivas o coñecemento da súa propia situación, poida prexudicar a súa saúde de maneira grave, deixando constancia da devandita circunstancia na historia clínica e comunicando a súa decisión ás persoas vinculadas ao paciente.
- Á libre elección entre as opcións que se lle presenten, sendo preciso o consentimento libre e voluntario do paciente, que será verbal por regra xeral e que se prestará por escrito nos casos seguintes: intervención cirúrxica, procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores e, en xeral, aplicación de procedementos que supoñen riscos ou inconvenientes de notoria e previsible repercusión negativa sobre a saúde do paciente.
- Non será preciso o consentimento informado cando exista un risco para a saúde pública, e cando exista un risco inmediato grave para a integridade física ou psíquica do enfermo e non sexa posible conseguir a súa autorización, debendo consultarse cando as circunstancias o permitan, aos seus familiares ou ás persoas vinculadas de feito a el.
- A que quede constancia por escrito de todo o seu proceso e que unha vez finalizado, se lle entregue un informe de alta.
- A que se lle faciliten os certificados acreditativos do seu estado de saúde

Deberes do paciente

Toda persoa que acode a un Centro Hospitalario en demanda de Atención Médica debe coñecer os Deberes que a obrigan no momento de solicitar a devandita atención.

HOSPITAL POVISA, Sociedade Anónima, en cumprimento da Lei 14/86 Xeral de Sanidade, Lei Galega 3/2001 sobre o Consentimento Informado e a Historia Clínica, así como da Lei 3/2005 que a modifica, da Lei Estatal 41/2002 do Consentimento Informado e da Historia Clínica e da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia, e Regulamento 2016/679, de 27 de abril, Xeral de Protección de Datos, infórmao sobre os dereitos e deberes do paciente que acode a este Hospital, e que veñen recollidos nas Disposicións que se citan.

- Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das Institucións Sanitarias.
- Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario.
- Facer constar, se é o caso, por escrito, a súa negativa ao tratamento proposto polo Hospital, así como asinar a alta voluntaria que lle presentará o Hospital ante a devandita negativa.
- Facilitar os datos sobre o seu estado físico ou sobre a súa saúde de maneira leal e verdadeira, colaborando co persoal médico na súa atención.
- Aceptar a alta cando rematase o seu proceso asistencial, cando se comprobase que a situación clínica do/a paciente non melloraría, prolongando a súa estadía, ou cando a complexidade do proceso aconselle o seu traslado a un centro de referencia.
- Deixar constancia por escrito, se é o caso, da negativa a ser informado.